

MARZO

8 de marzo DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Nos clubs de lectura farase unha selección de textos e libros feministas e durante esa semana centrarase o debate en torno a este tema, sumándonos tamén ás propostas que se fagan desde a Concellaría de Igualdade. Colocaremos slogans referidos aos dereitos que aínda están por se acadar e fomentaremos debates e relatorios. Contaremos con talleres para mellorar as relacións emocionais entre persoas a través dunha óptica de xénero. Imparte Reina Dhore e Santi Giménez

Representación teatral da obra *A estraña familia*, do grupo de teatro feminista Martabelas.

Premio do público no Certame de Teatro de Lourenzá.

Semana do 9 ao 15

Actuacións de narración oral en distintos centros socioculturais da rede, dentro do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica.

Nas semanas do 20 ao 30 de marzo

Celebramos o Día da Poesía, do Teatro e da Narración Oral con "Recantos de encontro".

ABRIL

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL E DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO, dúas efemérides moi importantes

en torno aos libros. * Faremos unha programación específica en colaboración con GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) en torno ao 2 de abril, ao igual que para o Día Internacional do Libro, arredor do día 23 de abril.

Exposicións, lecturas, obradoiros, trocos de libros, mesas de intercambio, agasallos de libros, representacións, solta de libros (bookcrossing), xogos, escritos, murais... un mundo de actividade para celebrar outro maravilloso mundo que é o dos libros.

*Ver programa específico de cada centro. Unirémonos á celebración dunha efeméride moi importante en Santiago,

o "Banquete de Conxo", actividade literaria en torno á figura de Aurelio Aguirre e os seus coetáneos.

MAIO

MES DAS LETRAS GALEGAS, dedicado este ano á figura de Ricardo Carballo Calero (Ferrol 1910, Santiago de Compostela 1980). Primeiro docente da Universidade de Santiago de Compostela, das materias de lingua e literatura galegas. Vencellado ao Seminario de Estudos Galegos e á Xeración Nós. * Programa específico por centro. Encontro dos clubs de lectura con algún membro do novo proxecto de Estudos Galegos para falar do autor. Centro sociocultural do Ensanche.

XUÑO

* Presentarase un programa de paseos literarios por Santiago de Compostela.

HORARIOS

CENTRO SOCIOCULTURAL DE FONTIÑAS

- De luns a venres de 9 a 14 h e de 17 a 21 h.
- Sábado de 10 a 14 e de 17 a 21 h.

CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA

- De martes a venres de 10 a 13.45 e de 16 a 20.45 h.
- Sábado de 10 a 13.45 h e de 17 a 20.45 h.

CENTRO SOCIOCULTURAL JOSE SARAMAGO DE VITE

- De martes a venres de 17 a 21 h.
- Sábado de 10.15 a 13.45

CENTRO SOCIOCULTURAL AURELIO AGUIRRE DE CONXO

- De martes a venres de 16.30 a 20.30 h.
- Sábado de 11 a 14 e de 17 a 20 h.

CENTRO SOCIOCULTURAL AGUSTIN BUENO DO CASTIÑEIRIÑO

- De luns a sábado de 17 a 21 h.
- Martes, xoves, venres e sábado de 10 a 14 h.



REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAI
SANTIAGO DE COMPOSTELA



PROGRAMA DE ACTIVIDADES

BIBLIOTECA JOSE SARAMAGO

DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAI

SANTIAGO DE COMPOSTELA
xaneiro - xuño 2020

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA

ACTIVIDADES INFANTÍS

Pequenos/as lectores/as: os días 31 de xaneiro, 27 de febreiro, 27 de marzo, 23 de abril, 29 de maio e 26 de xuño a partir das 18.30 h. Actividade de fomento da lectura na que se presenta de forma lúdica e a través de xogos o mundo dos libros (en colaboración coa aula de xogo).

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

Clubs de Lectura: os martes e mércores de 19.45 a 20.45 h. Lectura dun libro de forma individual e posta en común das ideas e opinións que xurdiron cos libros propostos.

“Café con acento”: faladoiros de persoas interesadas en conversas en distintos idiomas. Día e horario por determinar en función da creación dos grupos.

Café con...: compartiremos unha charla co/a escritor/a dalgunha das obras que se len nos clubs de lectura.

ACTIVIDADES PARA TODOS OS PÚBLICOS

Recomendacións e exposicións na biblioteca de libros e lecturas que coincidan coas datas significativas sinaladas en cada mes. Sección de intercambio de libros.

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS

ACTIVIDADES INFANTÍS

Animación á lectura: actividade de fomento da lectura na que se presenta de forma lúdica e a través do xogo o mundo dos libros. Realízase de forma puntual en colaboración coa aula de xogo e animación nas datas significativas sinaladas en cada mes.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

Club de lectura semanal: os martes de 20 a 21 h.

Club de lectura mensual: último venres de mes de 20 a 21 h. Lectura dun libro de forma individual e posta en común das ideas e opinións que xurdiron coas obras propostas.

“Express relatos breves”: os luns de 18 a 19 h (infantil) e de 19.30 a 21h (adultos). Lectura sobre unha temática compartida de diferentes obras adaptadas a cada persoa usuaria e posta en común das ideas, coñecementos e opinións que xurdiron tras as lecturas.

“Liceo bibliotecario”: encontros para as persoas que acoden á biblioteca das Fontiñas para estudar e desexan crear entre elas unha relación social, compartir recursos etc., co obxectivo de facer da biblioteca un espazo de convivencia e non só de traballo (día e horario que se determinará en función da creación dos grupos).

“Café con acento”: faladoiros de persoas interesadas en conversas en distintos idiomas. Día e horario por determinar en función da creación dos grupos.

ACTIVIDADES PARA TODOS OS PÚBLICOS

Recomendacións e exposicións na biblioteca de libros e lecturas que coincidan coas datas significativas sinaladas en cada mes. Sección de intercambio de libros.

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VITE

ACTIVIDADES INFANTÍS

“Story Jumper”: os mércores de 18 a 19 h. En colaboración coa aula de informática créanse libros dixitais partindo da lectura dun libro da biblioteca.

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL AURELIO AGUIRRE DE CONXO

ACTIVIDADES INFANTÍS

“Vive a aventura!”: os venres de 19 a 20 h. A partir de 8 anos. Actividade de animación á lectura na que se presenta de forma lúdica e a través do xogo o mundo dos libros. Nas datas significativas sinaladas de cada mes realízanse colaboracións coa aula de xogo.

Club de primeiros/as lectores/as: os mércores de 18 a 19 h. A partir de 5 anos. Lectura conxunta de contos, taller de ilustración, talleres e xogos de animación á lectura...

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL AGUSTÍN BUENO DO CASTIÑEIRIÑO

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

“Café con acento”: faladoiros de persoas interesadas en conversas en distintos idiomas. Día e horario por determinar en función da creación dos grupos.

CENTRO SOCIOCULTURAL DO ENSANCHE

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

Club de lectura semanal: os xoves de 20 a 21 h.

Club de lectura quincenal: os venres de 20 a 21 h.

BIBLIOTECA JOSÉ SARAMAGO DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA XERAL DE ACTIVIDADES XANEIRO-XUÑO DE 2020

Este ano 2020, é o ano da escritora e feminista, Concepción Arenal (Ferrol, 31 de xaneiro de 1820 - Vigo, 4 de setembro de 1893), no que se conmemora o bicentenario do seu nacemento. Por isto, desde as aulas de lectura da Biblioteca José Saramago, sumáronos aos actos que se van facer para homenaxeala, desde as diversas institucións públicas e entidades cívicas, así como as propias do Concello e a Universidade de Santiago (visitas a exposicións sobre a autora, lectura das súas obras etc.). Arenal foi unha muller adiantada ao seu tempo, que segue tendo unha extraordinaria vixencia no século XXI.

*Presentaranse as propostas específicas ás que sumarse en cada caso. Con motivo da celebración do Día das Artes Galegas, este 2020 está tamén dedicado a Domingo de Andrade, (Cee 1639 - Santiago de Compostela 1712), arquitecto, escritor e entallador entre outros oficios. Así, ademais de coñecer os seus escritos, faremos unha andaina no mes de abril polo barroco compostelán, do que Domingo de Andrade foi clave para a súa introducción na cidade.

Celébrase tamén neste 2020, o centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo, (Santiago de Compostela, 22 de agosto de 1920 - A Coruña, 5 de xaneiro de 2012). Intelectual galeguista, escritor, editor e empresario entre outras moitas facetas, esta efemeride daranos pé para afondar desde os clubs de lectura na súa faceta de escritor e ensaísta.

En 2020, fanse 100 anos do establecemento de Federico García Lorca na Residencia de Estudiantes en Madrid, unha efemeride que pode servírnos para profundar no coñecemento da malograda vida deste poeta e redescubrir a súa obra e as poesías dedicadas e escritas en Santiago.

As Letras Galegas están dedicadas este ano ao profesor Ricardo Carballo Calero, polo tanto terá un protagonismo especial ao longo de todo o ano nas nosas lecturas. Emilia Pardo Bazán, Castelao, Aurelio Aguirre etc. serán tamen persoeiros aos que lles daremos protagonismo nas aulas de lectura da Biblioteca José Saramago ao longo destes meses.

XANEIRO

Xoves 23 de xaneiro Visita á casa da escritora Emilia Pardo Bazán

Xoves 30 de xaneiro No día dedicado a Castelao faremos lecturas da súa obra Charlas sobre este importante persoeiro

FEBREIRO

Xoves 20 de febreiro Con motivo do Día Internacional das Mulleres na Ciencia, que se celebra este mes, propoñeranse libros de lecturas relacionadas coas mulleres na ciencia e faremos unha mesa redonda ou relatorio sobre o tema, coordinada pola decana da Facultade de Matemáticas, Elena Cendón.

Martes 24 de febreiro

Día de Rosalía de Castro, lecturas e actos arredor da figura da escritora máis internacional das letras galegas. Visita á Casa Museo de Rosalía, en Padrón.

